

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 son o principal instrumento do Goberno Galego para o desenvolvemento da súa política económica. Están elaborados nun contexto económico e financeiro que ven claramente marcado polas incertezas manifestadas sobre o crecemento da economía mundial, derivadas do endurecemento da crise financeira internacional, que motiva unha revisión á baixa do crecemento da maioría das economías occidentais.

Os datos relativos a primeira metade de 2008 e os indicadores dispoñibles para o terceiro trimestre reflicten unha situación económica que, nos países avanzados, amosa unha tendencia contractiva que ten como efecto a diminución do consumo privado e do investimento

Galicia posúe unha economía cun alto grado de apertura exterior, moi integrada nos mercados internacionais, e polo tanto, non poderá quedar ao marxe da traxectoria xeral que sigan os países máis desenvolvidos.

Non obstante, dende a perspectiva económica, nos tres últimos anos Galicia experimentou un notable cambio, rompendo unha crónica tendencia. A produción de bens e servizos creceu en Galicia máis que en España, o que propiciou unha aceleración do ritmo de converxencia en renda por habitante con España e coa Unión Europea configurándose, polo tanto, unha base menos dependente dos sectores particularmente sensibles ao cambio do ciclo que nos permite afrontar o futuro inmediato nunha posición lixeiramente máis favorable que o noso contorno e manter un diferencial razoable na senda de crecemento.

Con todo, o novo escenario económico, ten a súa repercusión nas fontes de ingresos da Comunidade Autónoma e fai necesario que as estimacións orzamentarias

se adecúen a unhas dispoñibilidades financeiras máis limitadas, constituíndo asemade, un estímulo necesario para a mellora da eficiencia das asignacións dos recursos públicos nas diferentes políticas de gasto plasmadas nos orzamentos.

Así, para o 2009 os orzamentos defínense nun marco de austeridade e contención do gasto público, e elabóranse en concordancia cunha orzamentación orientada a resultados, que permite reforzar a conexión entre o proceso orzamentario e a planificación estratéxica do goberno.

Continuando no impulso do proceso de cambio no sistema de planificación, programación e elaboración orzamentaria iniciado nesta lexislatura para o establecemento dun sistema de orzamento por resultados, os orzamento do 2009 reflicten o esforzo realizado polos distintos centros xestores para establecer os plans e programas de gasto no marco das prioridades e obxectivos estratéxicos e operativos, marcando deste xeito un salto cualitativo no sistema de asignación de recursos e na avaliación de resultados das diferentes políticas públicas.

As contas do 2009 artículanse ao redor a tres eixes estratéxicos en coherencia ca política económica do Goberno :

En primeiro lugar, o impulso á actividade económica para contrarrestar os efectos da crise incrementando a produtividade e competitividade da economía galega.

No mesmo senso, o reforzo da solidariedade social e a mellora dos servizos públicos básicos, incrementando a protección social dos colectivos mais débiles e o nivel de servizos sociais acadado na sociedade galega, e por último a contención do gasto corrente canalizando os recursos orzamentarios cara ao investimento en capital produtivo

No mesmo senso, os Orzamentos do 2009 poñen o acento na asistencia as persoas maiores, con discapacidade e dependentes, elevándose o gasto para cubrir as necesidades en servizos asistenciais para a promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

Nesta orientación, estes orzamentos priorizan as accións destinadas a educación, o impulso do I+D+i e sociedade da información, mellora das infraestruturas do transporte, apoio a actividade empresarial e ampliación das ferramentas de financiamento empresarial, creación de emprego, servizos sociais e dependencia, transporte público, vivenda e sanidade, e favorecendo a igualdade entre homes e mulleres no traballo, cumprindo así cos compromisos contidos no acordo polo emprego no marco do Diálogo Social e no Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011.

II

Polo que respecta ao marco xurídico, esta lei articúlase en seis títulos que conteñen sesenta e un artigos, dez disposicións adicionais, unha disposición transitoria e cinco disposicións derradeiras.

No Título I "Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito", determínase o ámbito de aplicación e contido dos orzamentos xerais desta Comunidade que, nos termos da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia está determinado polos orzamentos da administración xeral, dos organismos autónomos, e das axencias públicas autonómicas, así como polos que corresponden ás sociedades e demais entes de dereito público.

Así mesmo, neste título se subliñase o importe dos beneficios fiscais para o 2009, e regúlanse os principios que rexen as modificacións orzamentarias, establecéndose as normas sobre o nivel de vinculación para determinados créditos orzamentarios, especificándose aqueles que van ter a consideración de ampliáveis e sinalándose as limitacións aplicables ás transferencias de crédito.

O Título II "Gastos de Persoal", está dividido en dous capítulos, destinados, respectivamente, ás retribucións do persoal e a regular outras disposicións en materia de réxime de persoal activo.

Recóllese o incremento retributivo do 2% para o persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e autorízase o incremento do 1% da masa salarial do persoal funcionario en activo e dos sometidos a réxime administrativo e estatutario.

As retribucións dos altos cargos, como as persoas titulares da presidencia, ou vicepresidencia, e das consellarías, secretarías, e direccións xerais e asimilados, non experimentarán ningún aumento en 2009, circunstancia que tamén resulta aplicable ás persoas titulares das delegacións provinciais e territoriais dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, así como das delegacións no exterior e ás persoas que exercen as funcións do máximo nivel executivo nas axencias públicas autonómicas, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas e nas fundacións do sector público autonómico

Establécese, tamén, neste título a oferta pública de emprego para o 2009, que como máximo alcanzará o 30% da taxa de reposición de efectivos coa excepción das prazas para acceso ao corpo de funcionariado docente e da cobertura de prazas en hospitais e centros do Servizo Galego de Saúde.

No Título III "Operacións de Endebedamento e garantía", establécese a contía máxima do incremento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma, distinguindo, expresamente, o importe que corresponde ao financiamento de investimentos en programas destinados a atender actuacións produtivas que non excede o 0,25% do PIB. O restante endebedamento non supera o 0,75% do PIB, polo que a Comunidade se acomoda, estritamente, aos límites establecidos na Lei Orgánica 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei Orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria. Ademais, prevense operacións para financiar adquisicións de activos financeiros a suxeitos non comprendidos no sector público autonómico.

En liña co reforzamento do impulso ao apoio financeiro aos proxectos empresariais amplíase a contía dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica e fíxase en cincocentos millóns de euros.

O Título IV "Xestión orzamentaria", introduce novidades como a regulación das encomendas de xestión, as transferencias de financiamento e as subvencións nominativas, establecendo normativa propia para estas institucións co obxectivo de incrementar a eficacia, a eficiencia e control do gasto público

Así, respecto da encomenda de xestión, defínense as entidades que terán a consideración de medio propio coas que, tanto a Administración da Xunta de Galicia como as súas entidades vinculadas, deberá realizar as encomendas de xestión. Establécese, tamén o sistema de tarifas ao que deberán adecuarse e a regulación da concesión de anticipos.

Polo que respecta ás subvencións nominativas, establécese o seu concepto, sinalase o réxime de modificación dos créditos previstos para elas e régúlase o seu réxime de pagamento. En canto ás transferencias de financiamento, establécese o seu concepto e régúlase o réxime de libramento segundo a súa natureza corrente ou de capital.

Do mesmo modo, neste título dáse cumprimento ao establecido na disposición transitoria terceira da Lei de subvencións de Galicia respecto a determinación de exoneracións a certos beneficiarios de subvencións. Tamén se actualizan as contías dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados.

O Título V "Corporacións Locais", establece as novas porcentaxes de participación dos concellos galegos nos tributos da Comunidade Autónoma, a través dos distintos compoñentes do Fondo de Cooperación Local. Destaca o incremento do fondo complementario na contía de seis millóns de euros e a inclusión de outros tres millóns adicionais en concepto de compensación extraordinaria de 2005, en cumprimento dos acordos alcanzados no marco do Pacto Local.

No Título VI "Normas Tributarias", polo que respecta aos tributos propios procédese a incrementar nun 2% os tipos das taxas de contía fixa e introdúcense modificacións en determinadas taxas. Ademais, actualízanse os tipos de gravame do

canon de saneamento e incorpóranse coeficientes redutores destes tipos para industrias específicas. Por outra parte, se modifica a tarifa do Imposto de Contaminación Atmosférica, ampliando o número de tramos e regúlase a súa presentación e pagamento por medios telemáticos.

En canto aos tributos cedidos, modifícase o tipo de gravame dos documentos notariais que formalicen a constitución e cancelación de dereitos de garantía para determinados suxeitos pasivos, e procédese a actualizar a taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar nun 2%.

Finalmente, nas dez disposicións adicionais que inclúe a lei, abórdanse diversos aspectos entre os que hai que destacar a formulación técnica que posibilite a configuración da estrutura inicial do orzamento das axencias públicas autonómicas que se poidan constituír no exercicio, co obxectivo de incrementar o control da eficiencia do gasto público.

Se inclúe tamén, unha disposición relativa ao Fondo Extraordinario de axuda ás pensións, continuando na liña iniciada o ano anterior de establecemento dunha axuda complementaria as persoas beneficiarias de pensións non contributivas de invalidez e xubilación e doutras prestacións equiparables. A súa dotación elévase a dez millóns de euros e o crédito orzamentario no que se consigna terá carácter de ampliable.

Por último e dentro das disposicións derradeiras inclúese un conxunto de disposicións en materias directamente relacionadas coa execución dos gastos entre as que se atopa a modificación do artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que afecta aos gastos plurianuais, co obxectivo de adaptar a súa regulación á nova lexislación en materia de contratos do sector público, así como, a modificación do artigo 69 punto 2 da citada Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establecendo a correspondente identidade entre a natureza dos ingresos que dan orixe aos expedientes de xeración de crédito e a dos gastos que se poidan xerar

Por último, recóllese igualmente nestas disposicións, a modificación de dous preceptos de carácter permanente da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2008 relativos á comprobación de valores, co obxecto de considerar o catastro inmobiliario como único rexistro oficial de carácter fiscal para os bens inmoables.

TÍTULO I

